

## Instrucións de solicitude de admisión e matrícula para o alumnado de **modular distancia**.

Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado de FP.

### ADMISIÓN

1. **Proceso de admisión centralizado** na aplicación informática **web:** (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/>)
2. Solicitude de **participación no proceso:** cubrirá a solicitude utilizando o asistente informático, e xuntando a documentación escaneada que se solicite (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/>), **do 24 de xuño ao 4 de xullo de 2024 ás 13 horas**. Con carácter xeral a entrega é automática (non precisa entregala en ningún centro). **Conservar copia impresa como resgardo.**
3. **Documentación requirida pola aplicación:** Con carácter xeral, **DOI** e a **titulación de acceso** indicada na solicitude (se presenta certificación académica, deberá constar o pago de taxas do título). Deberá subirse á aplicación un único pdf por documentos ( Exemplo: O DOI deberá escanearse no mesmo pdf por diante e por detrás). Só poderá presentar a solicitude de admisión se cumpre os requisitos de acceso no momento da inscrición.
4. No caso de que se indique no Anexo II, deberá validarse nun centro público de FP coa documentación requirida. Xerará un exemplar para o centro e un exemplar para o interesado. **Documentación:** Anexo II (para o centro e para o solicitante) xerado na aplicación, xunto coa documentación (DOI e titulación de acceso), na secretaria dun centro de Galicia que oferte FP entre o **24 de xuño e o 4 de xullo de 2024 ata as 13 horas**. Poderá remitila por correo postal certificado en sobre aberto co selo de correos no mesmo prazo, e deberá enviar tamén toda a documentación escaneada ao correo electrónico do centro: [secretaria@cifpanxelcasal.es](mailto:secretaria@cifpanxelcasal.es)  
  
\* Estudos estranxeiros: Deberá marcar o que corresponda na solicitude. Se os estudos están homologados co nivel de bacharelato, deberá marcar ademais na aplicación os estudos de COU/PREU/Bacharelato sen modalidade ou outros equivalentes. Se os estudos están homologados co nivel da ESO, deberá marcar ademais na aplicación Título da ESO LOE ou LOXSE.  
  
\* No caso de presentar vida laboral, comprobe que está completa.
5. A adxudicación de prazas aparecerá na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/fp/> .Haberá sucesivas adxudicacións de prazas.

### MATRÍCULA

6. Os usuarios poderán reservar na aplicación Ciclos Admisión os módulos nos que obteñan adxudicación (nos prazos correspondentes a cada adxudicación) . Poden ir reservando os módulos adxudicados durante os períodos establecidos. Ao remate da terceira adxudicación os módulos reservados se considerarán matriculados.
7. Documentación requirida:
  - Resgardo da solicitude de matrícula.
  - DNI/NIE/Pasaporte, orixinal e copia, e non caducado.



- Titulación de acceso indicada na solicitude. Título ou certificación académica onde conste o pago de taxas. Orixinal e copia (se non foi presentada neste centro coa solicitude)
- Recibo de pagamento do seguro escolar (para menores de 28 anos) 1.12€ na conta de ABANCA ES36 2080 0086 2230 4000 2660

**Tamén debera cubrir o documento que se anexa donde indicará a documentación que entrega na Secretaría**

## MATRÍCULA FCT

8. O alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de **FCT** e/ou o módulo de **Proxecto**, poderá presentar o documento de solicitude e matrícula (Anexo II réxime persoas adultas) dende o 24 de xuño ata o 31 de agosto (Art. 6.5, Orde 28/02/2007). **Recoméndase entregala do 8 ao 9 de xullo ou do 15 ao 16 de xullo e todo o mes de agosto para evitar longas esperas.** É necesario presentar tamén N<sup>º</sup> da Seguridade Social. No caso de persoas que non dispoñan de el, deberano solicitar ao organismo correspondente.

*Lembre que a normativa prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.*